



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: Listas provisionais PI Técnico XE e Tesouraría

EXPEDIENTE: 2021/G003/001100

Vistas as Resolucions da Alcaldía nº 588/201, de 11 de xuño de 2021, e a súa corrección de erros aprobada pola Resolución da Alcaldía nº 792/2021, de 7 de xullo de 2021, pola que se aproban as bases e a convocatoria que regulan o proceso selectivo para a provisión, polo sistema de promoción interna, dunha (1) praza de técnico/a de xestión económica e Tesouraría, funcionario/a de carreira, correspondente á Oferta de emprego público de 2019.

Visto o anuncio da convocatoria publicado no Boletín Oficial da Provincia número 136, de data 21 de xullo de 2021, e os publicados no Diario Oficial de Galicia, número 162, de 24 de agosto de 2021, e no Boletín Oficial do Estado, número 212, de 4 de setembro de 2021.

Considerando que expirou o prazo de presentación de solicitudes de admisión nas probas de selección da devandita praza e examinada a documentación que a acompaña e de conformidade co establecido no artigo 20 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a seguinte lista provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas:



Persoas aspirantes admitidas

APELIDOS	NOME	DNI / NIE	EXAME DE LINGUA GALEGA	LINGUA EXERCICIOS
RODRÍGUEZ PORTO	DIEGO	****749S	EXENTO	CASTELÁN

Persoas aspirantes excluídas

Segundo.- De conformidade co previsto na Base sexta das Bases reguladoras deste proceso selectivo, as persoas aspirantes excluídas ou as omitidas na relación de persoas admitidas e excluídas disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta Resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello para reclamacións ou corrección de defectos.

As persoas aspirantes que dentro do prazo sinalado non corrixisen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídas na relación de admitidas, serán definitivamente excluídas do proceso selectivo. De non se presentar reclamacións ou correccións dentro deste prazo, a lista provisional de persoas admitidas e excluídas elevarase a definitiva.

Terceiro.- Facer pública a presente Resolución, mediante a súa inserción no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

Cuarto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Teo, asinado na data que figura na marxe.

O alcalde
Rafael Carlos Sisto Edreira

A secretaria xeral, que dou fe
Virginia Fraga Díaz